

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR**CONVOCATORIA**

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG do 18/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 nai/pai**, dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar. O outro representante de nais/pais continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021.
- 2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 8 de novembro.
- 3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14'00 horas do citado día 11 de novembro.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día 12 de novembro, ás 11:30 horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o 12 ao 17 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.
- 7.- As votacións realizaranse neste IES o **día 19 de novembro, de 16:30 a 19:30 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16:15 horas.
- 8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de 1 nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.
- 9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
- 10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Vigo, 29 de outubro de 2024

O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Victoriano Costas Suárez

